

Tendo en conta o informe proposta de data 21/02/2024 e que literalmente di:

“A Concellería de Igualdade e Muller está a organizar obradoiros de **autocoidado, empoderamento persoal e disciplinas artísticas**, así como de **alfabetización tecnolóxica, empoderamento dixital e desenrolo profesional** dirixidos a mulleres da nosa cidade.

Estes obradoiros desenvolveranse en distintas zonas da cidade e en distintos horarios co fin de facilitar ás mulleres a súa participación.

Os obradoiros son anuais e levaranse a cabo durante os seguintes períodos:

- Desde o día 11 de marzo ata o día 14 de xuño de 2024.
- Desde o día 30 de setembro ata o 20 de decembro de 2024.

A descrición dos obradoiros, os seus horarios e lugares de celebración están recollidos no modelo de solicitude.

Serán requisitos imprescindibles:

- * Ser muller.
- * Ter cumpridos os 18 anos.
- * Estar empadroadas no Concello de Ferrol.

Criterios de admisión: será mediante rigorosa orde de entrada no Rexistro Xeral Municipal e se terá en conta a prioridade establecida pola solicitante na elección dos obradoiros nos que estea interesada. Só se obterá praza nun dos obradoiros, agás no caso de quedar prazas vacantes, que se irían adxudicando segundo a orde de prioridade establecida pola solicitante.

Normas de asistencia: Unha vez adxudicado o obradoiro, a persoa admitida, quedará excluída do mesmo no caso de ter máis de 3 faltas de asistencia sen xustificación documentada e pasará o seu posto á seguinte persoa que figure na lista de agarda.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, (Praza de Armas, s/n), en horario de 9:00 h. a 14:00 h., ou en calquera dos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo para solicitar a inscrición en ditos campamentos será dende o 22 de febreiro ao 29 de febreiro, ambos incluídos.

Polo exposto, propónselle a concelleira delegada da Área de Igualdade, Muller, Familia, Infancia e Multiculturalidade, que adopte o seguinte acordo

Primeiro.- Aprobar a realización dos obradorios de **autocoidado, empoderamento persoal e disciplinas artísticas**, así como de **alfabetización tecnolóxica, empoderamento dixital e desenrolo profesional**, dirixidos a mulleres da nosa cidade.

Segundo.- Aprobar o prazo de inscrición desde o día **22 de febreiro ao 29 de febreiro**, ambos incluídos.

Terceiro.- Aprobar os requisitos de participación, os criterios que fixan a orde de preferencia e as normas de asistencia ós obradoiros.

Cuarto.- Publicar a presente Resolución no Taboleiro de Editos do Concello de Ferrol e na web municipal.”

Decreto: Vista a anterior proposta apróboa nos seus propios termos.

O manda e asina a Concelleira delegada especial de Igualdade, Muller, Familia, Infancia e Multiculturalidade, como órgano competente para resolver en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/12/2023 (BOP nº 241 do 20/12/2023) no Concello de Ferrol o día da data da sinatura electrónica.

A concelleira delegada,

Dou fe,
A Oficial Maior como titular do órgano de apoio á XGL,